

"A SONA"

Na rúa meu pai tiña sona de tolo, de comunista e de intelectual. Sempre pensei que na rúa esaxeraban, papá non podía ser esas tres cousas.

O de tolo si, asumíao ata el mesmo. Decía que todos os que andiveran emigrados polo mundo adiante volvían un pouco “tocados”. Todos, incluso el. Algo de certo debía haber niso, porque o veciño de abaixo, Pepe o de Bélxica, tivera unha crise da reordia e só saía da casa levado pola man da muller, paseado de aquí para alá, todos os días ás mesmas horas. Talmente un canciño, fóra a alma e fóra a correa. Ben vestido, aseado e limpo, polo menos non deixaba cagadas ciscadas pola beirarrúa. Faltáballe pedigrí e dar a patiaña, pero fóra diso era un canciño. Todo por unha crise de nervios, disque. Non sei que lle pasaba aos emigrantes que tiñan unha porcentaxe de crise de nervios brutal, pero seica agora hai psiquiatras que lle puxeron un nome a eses desordes mentais: “Síndrome de Ulises”, chámanlle. Naqueles anos moitos Ulises retornaban a esta Itaca.

Outro destes “Ulises” era Varela, o home da prima segunda da miña nai. Varela era un dos homes máis amables, agradables e asisados que nunca coñecín. Emigrara a Inglaterra non sei cantos anos, e falaba inglés tan ben que era quen de sacarlle a alguén a vida e os anos que pasara no Reino Unido polo acento:

“Este naceu en Kent, na adolescencia viviu en Chelsea, estudou en Cambridge e despois pasou unha tempada en Edimburgo, pero unha vez baixou do coche a facer de ventre nunha gasoleira de Liverpool” -decía Varela. E atinaba. Un fenómeno. Amable, sorrinte, boa xente, un home bó deses que iluminan o mundo coa súa presenza. Pero dun día para outro volveuse un cabrón malvado, fóselle a cabeza e non recoñecía a ninguén. Agresivo, batía en todo o mundo, especialmente na súa propia muller, a quen sempre tivera nun pedestal.

A clasificación médica da doenza non a lembro -se cadra nunca se dixo-, simplemente era unha das maneiras máis cabronas de morrer, unha maneira que torturaba aos seres que o doente máis quixera na vida. A curmá segunda da miña nai vivía tres portais máis abaixo, na nosa mesma rúa, e durante meses vivimos a agonía da pobre muller, que se negaba sequera a pensar en solicitar o ingreso de Varela nun hospital ou nun xeriátrico porque “esas cousas non se fan, como se non tivese familia”.

Cada pouco viña o fillo, un home grandón, garda civil -profesión que nunca gustou moito a meu pai-, serio, que aturaba as bágoas da nai como podía. Viña de Ourense, onde estaba destinado, pero procuraba pasarse todas as semanas. Un mal día miña nai chamouno de urxencia, despois dunha malleira na que a curmá segunda saíra con varios puntos de sutura de máis e varias pezas dentais de menos. E a pobre muller aínda defendía a aquilo que -en tempos- fora o seu home:

-”É que non tomou onte os tranquilizantes” -laiábase entre bágoas- ”pensei que si, pero non. Pobriño, todo é culpa miña, esquecín as pastillas, esquecinas, non é culpa del, pobriño, é culpa miña, el xa non sabe, meu pobre...”

Ese día Varela tivera o derradeiro acerto de caer polas escaleiras abaixo e romper o pescozo. Sempre tiveren dúbidas sobre ese último acto de bondade. Lembro no tanatorio aquela aperta entre bágoas de papá co fillo de Varela, o garda civil, e aquela frase de papá que medio escoitei:

“El xa non che pode dar as grazas, douchas eu”.

Non sei. Varela e papá eran amigos e meu pai tññalle moitísimo aprecio. Non sei. Son dúbidas terribles as que ás veces me asaltan. Pero no fondo quero pensar ben do meu medio curmán terceiro, o serio garda civil. Quero pensar que si axudou a que Varela, seu pai, aquel home bo e marabilloso, caese polas escaleiras para poder volver atoparse a si mesmo.

E ademais dende aquela meu pai viu con outros ollos á garda civil. E iso era difícil, porque sempre lles tivera unha certa teima, como bo comunista. Porque o de comunista era certo, aínda que queimara o carné non sei cando, nas brétemas da transición. Unha historia coma a de tantos outros, pasara de ser un neno pobre nacionalcatólico ao que lle repetían que mirase a santidade de don Agapito na Magna Escola Catecúmenica (“*miradlo bien, mirad a ese santo varón, mirad como brilla, mirad la aureola*”) con rezos de horas e horas, fame de subsidiado pobre e contraluces ben colocadas; pero en vez diso mirou e viu o absurdo que era todo, e fíxose o contrario: comunista.

Evidentemente fíxose comunista na emigración, porque aquí non había diso. Cando volveu de pasar uns anos en sur América -aínda vivía Paquita la Culona, un fulano con voz de pito que agora dá moita risa se o vemos na tele, pero que de aquela non daba risa ningunha- cando volveu da emigración, digo, era comunista de carné, incluso con pedigree por ter pasado por cursos na Unión Soviética e todo.

E rachou o carnet porque alguén, non sei quen, do PC -que daquela quería dicir sen dúbida ningunha “Partido Comunista”, aínda que a meirande parte da xente hoxe pensa que se refire a “Personal Computer”- fixera non sei que declaracións contra Galicia, contra o galego ou contra a nai que nos pariu. Non sei. Pero sei que -con outros- rachou co carné e rompeu con todo.

Non exactamente con todo. Seguimos recibindo “Novedades de Moscú”, “Literatura Soviética” e “Tiempos Nuevos” durante anos, dándome unha visión radicalmente distinta do mundo, e aprendéndonos a ver a prensa cun espírito crítico que a moitos da miña xeración custounos recuperar agora, cando vemos que os “medios” son “extremos” de manipulación. Vivir na miña casa, polo menos, tiña esa vantaxe. Se cadra a única vantaxe: Saber que o que nos contaban -uns e outros- era sempre mentira. Fixémonos uns descreídos, pero pasámolo ben.

Así que a sonda de comunista que tiña papá na rúa estaba xustificada: eramos unha casa que recibía prensa dende a Rusia comunista. Eramos un perigo, pero como meu pai estaba tolo non pasaba nada. Pero co que non estou de acordo era coa opinión da rúa en calificar a papá de “intelectual”. Meu pai era un tipo que comezara a traballar aos dez anos. Era autodidacta en case todo, o que significa que non tiña puta idea de absolutamente nada. Falar con el era desesperante, porque tiña illas de coñecemento moi vizosas perdidas en océanos de fonda ignorancia, organizados de calquera maneira. E, ás veces, atopabas terras insospeitadas, coñecementos que nunca pensaches que puideses atopar no “planeta papá”. Un preguntábase porqué estraño motivo coñecía as obras completas de Churchill, lera a Jerome K. Jerome, gustaba das pinturas de Iliá Repin, mirara cine checoslovaco -sí, daquela era “checoslovaco”- ou comprendía a teoría da relatividade de Einstein. Por outra banda era incapaz de saber o máis elemental sobre ordenadores, negábase a aceptar conceptos básicos de nutrición ou gastronomía -“caralladas de señoritos”, dicía-, vestía de maneira ostentosamente desastrada, e era intolerante con calquera principio de autoridade ou xerarquía, incluídas as xerarquías educativas.

Non era un home culto. Non podía selo. “Culto” implica cultivado, e os froitos dos campos de papá eran silvestres ou -como moito- ventureiros. Non era un intelectual. Desprezaba aos pretendidos intelectuais alambicados que se crían por riba da xente vulgar. E, pola contra, coñecía e admiraba a intelectuais “auténticos”. Non -dicía- “a eses intelectuais plásticos de deseño”, senón a “intelectuais de verdade”. Quen eran eses intelectuais “de verdade”? Para descubrilos meu pai desenvolvera un método científico infalible: era un intelectual “de verdade” unicamente quen a el lle parecía. Había de todo un pouco, pero habitualmente eran xente que gañaba a vida traballando todo o día e despois adicaban horas da noite a cumprir coa súa paixón de escribir, de componse, ou de estudar cousas inimaxinablemente inútiles. Había traballadores da banca, profesores, soldados, taberneiros que escribían entre cunca e cunca de viño, zoqueiros, debuxantes, funcionarios de loterías, conserxes da instituto... Eran intelectuais porque usaban o intelecto, non porque pousasen ben para as fotos. Xente que se convertían en referente polo que eran, e non por lamberlle o cu a ninguén facendo oposicións para un carguño ou por un doutorado na universidade. Xente da cultura que aceptaban ata a un inculto coma meu pai entre eles. Non eran os intelectuais “caviar” da “gauche divine”, pero incluso a carón daqueles intelectuais “obreiros” meu pai -que como xa dixen comezara a traballar de repartidor, levando un carro de acó para alá polas empedradas rúas de A Coruña aos dez anos- resaltaba coma un merlo branco. Non chegaba a ser un deles. Sexa como for estou convencido de que meu pai non era un intelectual.

Pero na rúa tiña sonda de selo. “Intelectual”. Dicíano como se alguén fose un menciñeiro ou un componse, cun moito -moitísimo- de burla e un algo -unha miguiña- de respecto. Non crían na súa utilidade, pero... non estaba de máis telo de man por se o precisabas para algo. Se había que protestar por calquera cousa, redactar unha carta ao director dun xornal -daquela aínda as lían-, falar cun cargo público, ou preparar unha xuntanza, sabían que meu pai non se ía deixar esmagar pola

autoridade de ninguén, e que podía falar de “ti a ti” con calquera. Ademais había algo que era distinto na miña casa que nas casas dos meus amigos da rúa: había libros. Andeis e andeis inzados de libros.

Con iso non quero dicir que nas casas dos meus amigos non houbese libros. Amalia, a nai de Teodoro, mercáralle e un vendedor a domicilio as obras completas de non sei quen. Eran cincuenta tomos, primorosamente encadernados en azul, que ocupaban todo o expositor do salón, xusto arredor do televisor en cor e enfronte ao cadro do cervo que fuxía perseguido por cans mentres xinetes ingleses lle daban caza. Non sei quen foi o pintor que inventou esa escena, pero se tiña o copyright debía estar facéndose de ouro naquela época, porque había variacións dela en todas as casas da miña rúa. Agás na nosa, claro. En troques do cadro coa escena do cervo nós tiñamos no salón debuxos de Castelao e mapas de Galicia -un medieval e outro algo máis actualizado-. Na miña habitación reinaba un póster cunha neniña duns tres anos coa roupa estragada, pero moi digna, erguéndose todo o pequerrecha que era para meterlle un caravel vermello polo bico dun fusil de asalto e combate “CETME”, suxeito por tres brazos uniformados. O póster era do meu irmán máis vello, eu non tiña idade daquela para ir a Portugal a ver o que estaba a pasar, pero eu herdáralo e o póster quedara na parede, envellecendo, enrugando pouco a pouco, amarelexando e botándose a perder. Aínda hoxe hai discusións sobre que foi daquel póster. Había máis pósters na miña habitación, claro: na porta do armario a silueta triangular dun SR-71, un Spithfire en branco e negro e un Harrier despegando sobre un portacontedores na guerra das Malvinas. Tamén houbera un póster de dous tipos e dúas tipas estafalarios, unha parella loura e outra morena vestidos de maneira rechamantérrima. Eran o grupo ABBA, e naquela época aínda non eran unha icona gay, pero custoume vaciles dos amigos, así que durou pouco, retireino e cambieino por un de Pink Floyd que aturaba mellor as visitas dos colegas.

Xa dixeran que o que si había na miña casa eran libros. Libros arreo.

“Máis libros! Xa fuches por máis libros! Non sei onde imos meter tanto libro!” -queixábase miña nai. E tiña razón. Eran libros de tamaños distintos, malos de gardar, ás veces mal impresos, moi distintos aos maravillosos e regulares libros de tomos azuis que adornaban a biblioteca de Amalia, a nai de Teodoro. Coido que a miña nai envexaba a Amalia, pero eu non: eu collera algún libro daquela biblioteca, diante da ollada desconcertada de Teodoro:

-“Que fas?” -preguntárame como se estivese facendo algo incongruente.

Pasei as páxinas do libro. Moitas estaban aínda pegadas. Ninguén o abrira. Ninguén o lera.

-E estes libros?- preguntei.

Teodoro non o sabía. Eran como o cadro dos cervos na campiña inglesa, ninguén sabía de onde saíran nin para que os penduraran nos salóns da casa da nosa rúa. Simplemente, estaban.

Pero na miña casa os libros non estaban, os libros eran. Libros de palleiro e non de pedigree, libros vivos que se multiplicaban por todas partes. Para aloxalos, ademais do moble do salón, había andeis de madeira mal feitos por todas partes. Incluso enriba dos armarios había libros e revistas, tamén algúns xornais vellos amoreados, con artigos que meu pai consideraba interesantes de conservar.

“Un día vou tirar con todo” -ameazaba sempre mamá.

Dentro do moble do salón, onde todo o mundo civilizado gardaba a vaixela de gala, na miña casa había máis libros, revistas e xornais. Había centos de revistas vellas de “Hermano Lobo”, de “Por Favor” e de “Triunfo”, que me contara meu pai que comezara sendo unha revista semellante a “Superpop” ou a “Pronto”, pero cando eu era moi cativiño fora o “non vai máis” da información manecha. Ata que a desapareceron, claro. A mín gustábame “Hermano Lobo” porque traía debuxos cómicos, aínda que o setenta por cento deles non os entendía. Despois tamén collín gosto a un par de “Interviús” que meu pai mercara expresamente e gardara dentro do moble porque tiñan artigos interesantes para el. Os artigos que a min me atraían das “Interviús” eran as fotos de mulleres espidas, que conformaron o meu despertar sexual ata que os colegas me pasaron outras revistas máis profesionais e “científicas” sobre o tema, que me permitiron “profundar” neses coñecementos. Toda a biblioteca -agás os tres ou catro exemplares de Interviú, supoño, porque nunca preguntei- estaban ao meu dispor, e eu gozaba collendo un libro de aquí ou outro de acolá, abrindo e mergullándome

en mundos distintos. Como meu pai era un caos, como todos os analfabetos autodidactas, tiña libros dunha chea de cousas distintas, e así descubrín a ciencia-ficción, a fantasía, o realismo, a literatura histórica, a Forsyth e a Vázquez Montalbán, Borís Polevoi e García Márquez, Delibes e Asimov, o ensaio e a novela clásica. O “Lazarillo de Tormes” a carón de “Qué difícil es ser Dios”; Cortázar e Shólojov bailaban de andel en andel, nun contubernio que non discriminaba idiomas, formatos nin temáticas.

Pero había un andel polo que eu pasaba ás carreiras, un andel de libros pequenos, estreitucos e mal rematados. Non é que eu fose especialmente ecoloxista, pero parecíame un crime matar ducias de árbores para fabricar papel e apenas poñer un par de liñas por páxina. Abrías un deses libros e lias, por exemplo:

“Ardentía irredenta
alicerce esvaradío
de cerne milenario.”

E aló vai unha páxina! Xa estaba!

Eran libros de poesía. Libros absurdos. Nunca aturei a poesía. Parecíame unha parvada antinatural. Preguntábame que tipo de perturbado pasaba horas na procura de palabras que rematasen igual para poñelas en ringleira unha enriba doutra nun poema, poema que as máis das veces non tiña sentido ningún. E iso algúns poetas, porque outros nin se molestaban en xuntar palabras que rematasen igual. Os tipos tiñan unha cara dura enorme, e despois de dicir, por exemplo:

"Agromar de verbas
escentiladas
fuchicas de luz
na noite escura"

deixaban o resto da páxina en branco. Calculo que escribir todo un poemario completo levaríalles cinco ou seis minutos. E por riba había concursos, xustas, editoriais e recitais para premiar aos poetas. Vivían como reis!

Eu estaba convencido de que a poesía era un timo, unha miserable perda de tempo. Ademais meu pai, como perfecto autodidacta inculto que era, adoraba aos poetas. Calquera que publicase un libro de poesía a ollos do meu pai deixaba de camiñar como os simples mortais, e pasaba a levitar por enriba da vulgar xente. Xa dixen que meu pai tiña océanos de fonda incultura, e supoño que a admiración que sentía polos poetas manaba da súa escasa formación académica. El nunca tivera que estudalos nin que sufrilos nun exame, nunca tivera que inventar sentido a un poema que non o tiña nunha análise de textos. Sempre sospeitei que os profesores obrigábannos a explicar o significado dos poemas porque eles tampouco llo atopaban.

Con todas estas razóns non pretendo xustificarme. Simplemente trato de explicar que non aturaba aos poetas, e por iso pasaba por diante dos andeis de poesía sen tocar aqueles libros esfameados, desnutridos; libros que non tiñan media hostia, vaia.

Ademais na rúa xa era complicado sobrevivir sendo fillo dun medio intelectual medio comunista medio tolo, xogando fatal ao fútbol, gustándome os ABBA, usando lentes e -aínda por riba- sacando boas notas. Tiña motivos máis que xustificados para manterme arredado dos poetas. Unha cousa é que os colegas me pillasen lendo un groso tomo de “El Don apacible” -que xa era grave- como para pillarme lendo poesía. Conseguín convencelos de que “El Don apacible” era un relato sobre a mafia calabresa, pero non se me ocorría xustificación ningunha se me atopaban lendo un libro de poesía.

E teríame mantido sempre afastado dos poetas de non ser por aquela maldita excursión.